


## “UNHA FESTA EN LOUXO”, UN POEMA DE EMILIO VILLELGA RODRÍGUEZ

Por: Patricia Arias Chachero

O poema que transcribimos a continuación gañou un accésit nos Xogos Florais que se celebraron en Pontevedra entre o 18 e o 19 de agosto de 1882. Apenas dous meses despois, o 15 de outubro, atopamos o texto publicado nas páxinas de *El Eco de Galicia* e, en 1887, no sexto número de *Galicia. Revista Regional*, a publicación de carácter mensual que dirixía Andrés Martínez Salazar Di así:

I  
 Meus amigos! Oxe, canto  
 Ledo com' unha alborada,  
 As cántigas d' o meu peito  
 Y os suspiros qu' ali garda.  
 Todo con vídame, todo,  
 Pra que fal' á miña alma,  
 Qu' oxee día grand' é ledo,  
 Y as coitas durmen caladas!  
 Non turbedes ouh! pesares,  
 Non turbedes miña calma,  
 Deixame cantar, un pouco,  
 Non matés a miña cántiga!

II  
 N' as vilas, meus compañeiros,  
 Compañeiríños d' a alma,  
 Teñen festas relombrantes,  
 Teñen foguetes é gaitas,  
 E xigantes, é mais lobas  
 Que soben que mism' espantan!  
 As musicas po las calles  
 Tocan moi lindas tocatas,  
 E n' as torres d' as egrexas,  
 Repinican as campanas,  
 Os señores andan xuntos  
 Po las calles, po las prazas,  
 E levan vestidos novos,  
 Con rabos d' a media vara,  
 As señoritas garridas,  
 Con fariña po la cara,  
 Non estamos n' este islote,  
 Que non é vila nin traza  
 Siquera ten d' unha aldea,  
 D' unha aldea ben mediana,  
 Non temos acó xigantes,  
 Nin caras enfariñadas,  
 Nin ripinican, tampouco,  
 Ledas n' a torr' as campanas,  
 Pro temos o campo verde  
 Y o mar onde se retratan  
 As estrelas po la noite



Teatro onde se celebraron os Xogos Florais pontevedreses en 1882.  
 Fotografía de Joaquín Pintos, Vida Gallega, 20-10-1928



Antigo balneario

Y a lua en rayos de prata!  
 Temos casas pequeniñas,  
 Cativas, casque barracas;  
 Mais n' importa, que por eso,  
 N' as nosas casiñas brancas,  
 Temos nosos bons amigos  
 Que son pan pra nosa alma!  
 Dentro d' estas catro penas  
 Que gardan benditas augas  
 Pra volvernós á saude  
 Que vos compr' é que vos falta,  
 Oxe, non temos cobiza  
 D' as festas tan nomeadas,  
 Con que n' as vilas fiestexan  
 Os días que son de marca  
 Non temos lobas é música,  
 E luminación é baila,  
 Paseyo, foguetes, baile.  
 E oubo misa cantada:  
 Prociación tamen tivemos,  
 E sermon n' a mesma praza.  
 Xa vedes, meus amiguíños,  
 Q' a có, non nos compre nada;  
 Si n' as vilas s' adivirten,  
 Ledas están nosas casas,  
 Ledo tamén está o ceo,  
 Ledas as augas que bañan  
 Estas ribeiras de Louxo,  
 Ribeiriñas encantadas;  
 Ledos estades vosoutros,  
 E leda está miña alma!  
 Ledo está noso Patron,  
 Leda toda esta comarca.  
 Bañistas d' a insua de Louxo,  
 Felicítovos de gana,  
 E pra dar fin á estes versos,  
 Pra rematar esta cántiga,  
 Dígovos que mentras viva,  
 Non saídrá d' a miña alma,  
 O recordo d' este día,  
 Que ten recordo d' as almas  
 D' estes amiguíños todos,  
 Qu' escoitan a miña cántiga!

Antes de centrarnos na composición e no seu autor, cómpre lembrar que os Xogos Florais foron uns certames literarios que se comezaron a celebrar en Barcelona a mediados do século XIX e que pouco despois, en xullo de 1861, a instancias do historiador Benito Vicetto e dos irmáns Francisco e Antonio M<sup>a</sup> de la Iglesia, leváronse a cabo os primeiros en Galicia. Foi na Coruña, baixo o patrocinio de Juana de Vega e grazas ao desinteresado esforzo de Pascual López Cortón, quen pagou o acto e custeou, un ano despois, a publicación de todos os traballos premiados no volume titulado *Álbum de la Caridad*. Esta antoloxía, amáis antiga donoso Rexurdimento literario, supón amáis representativa e importante colectánea de poetas da época pois recolle textos de Francisco Añón, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Alberto Camino e Vicente Turnes, entre moitos outros.

A tradición inaugurada na Coruña, sería imitada en Pontevedra apenas uns meses despois. A experiencia repítese nesta cidade en 1880 e, de novo, en 1882. O venres 18 de agosto, no teatro do Liceo, baixo a presidencia de Segismundo Moret Pendergast, fixéronse públicos os traballos premiados naquela ocasión. Resultaron ser os de Nicanor Rey que, polo poema titulado “Al cielo”, recolleu o primeiro premio e tivo a oportunidade de escoller entre 6000 reais en metálico ou un posto de redactor no xornal *El Imparcial*, ofrecido por Gasset y Artime. O segundo premio, flor natural e coroa de prata e ouro, recaeu en Nicolás Taboada y Astray. Naquel mesmo evento resultou premiado un traballo en prosa de Manuel Murguía sobre os foros en Galicia e, na mesma categoría, recibiu o accésit outro de Villamil y Castro. Xunto a eles, recolleron galardóns, Rafael Quemadas, Narciso Díaz de Escobar, Nicolás Taboada, Benito Losada e Manuel Martínez González.



Emilio Vilelga Rodríguez

Emilio Antonio Vilelga Rodríguez (1848-1934), o autor do texto que nos ocupa, premiado naquela mesma sesión, era un sacerdote e profesor compostelán que cursara estudos mercantís na Coruña e que, tras rematar o Bacharelato, ingresara no Seminario de Santiago de Compostela onde obtivo o doutoramento en Sagrada Teoloxía. Tras realizar varias viaxes por Europa, dedicouse a exercer a docencia no Instituto de Ensino Medio, hoxe Rosalía de Castro, na Escola Normal e no Seminario Compostelán. Beneficiado da catedral, o seu dominio do grego, do alemán e do hebreo converterano nun home coñecido e respectado na cidade.

Membro da Asociación Regionalista Gallega, a súa fama de home culto e traballador, de coidadoso bibliógrafo e excelente orador, abriulle ás portas de numerosos xornais da época. Especialmente importantes e numerosas serán as colaboracións que, baixo o epígrafe de “Minúsculas”, publica, a partir de 1909, nas páxinas de *El Correo de Galicia*. Os artigos do primeiro ano serán recollidos en volume con prólogo do tamén sacerdote, Antonio Rey Soto. Outros traballos publicados en libro por Emilio Vilelga serán *Juicio crítico de los principales literatos gallegos que publican sus trabajos en Galicia*, *El Ángel de las Escuelas* (1885) ou *Curso elemental de apologetica contemporánea* (1902).

Amigo persoal do Marqués de Figueroa, de Emilia Pardo Bazán, de Augusto González Besada, de Juan Vázquez Mella e de Alfredo Brañas, entre outros, e correspondente da Real Academia Galega desde 1907, Vilelga Rodríguez frecuenta os baños de Louxo durante anos. Tal-

vez o fíxese acompañado de Adolfo Tojo Silva, propietario dunha gran casa en Baión na que o escritor se refuxiaba longas temporadas.

Inda que parece que escribiu algún outro texto en lingua galega non fomos quen de atopalo e este é, polo que parece, o único que se conserva. Trátase dunha longa composición de 82 versos, na que predominan os octosílabos e a rima asonante nos versos pares. Esquema que lembra a un romance e que segue un mesmo esquema ao longo da maior parte da composición, facendo que os versos pares repitan as palabras graves en posición de rima.

O carácter popular e costumista do texto, moi do gusto da época, describe os baños na illa de Louxo antes da inauguración do Gran Hotel (1908) e do tipo de veraneantes que encherán o lugar a partir daquel entón. Segundo o poema, Louxo é unha lugar humilde e virxe con “casiñas brancas” (v. 22) e “catro penas” (v. 25) que, grazas ás “benditas augas” (v. 26), acolle unha multitude de veraneantes aparentemente felices e pouco pretensiosos. O “islote” (v. 49) destes versos, que non tardará en converterse en tumultuoso e elitista destino turístico é, cando Villelga escribe, un “campo verde” (v., 57), con “casas pequeniñas” (v. 61) “que non é vila nin traza/ siquera ten d’unha aldea” (vv. 50-51) e que se nos antolla paraíso ideal para o poeta e para os que, coma el, tiveron oportunidade de disfrutalo.



A Toxa (Wunderlich, Otto (1886-1975), fonte europea)

#### BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- ANÓNIMO (1882) “Correo de Galicia. Juegos Florales”, *El Correo de Galicia*, 23-VIII
- CASTELAO, CARLOS (2018) *As orixes da fotografía en Galicia. Os estudos composteláns do XIX*. Santiago de Compostela, Alvarello Editora.
- COUCEIRO FREIJOMILANTONIO (1953) *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos. Vol. III
- PINTOS, JOAQUÍN (1928) fotografía do Teatro Principal de Pontevedra, *Vida Gallega*, 20-X.
- VALES VÍA, JOSÉ DOMINGO (2009) “Juegos Florales de Galicia (1)”, *Anuario Brigantino*, núm. 32, pp. 433-464
- VILLELGA RODRÍGUEZ, EMILIO A. (1882) “Unha festa en Louxo”. *El Eco de Galicia*, 15-X
- (1987) *Galicia. Revista Regional*, núm. 6, pp. 315-317